


Problema0206: a) 6g de hidróxeno reaccionan completamente con 28g de nitróxeno para dar só amoníaco. Que cantidade de amoníaco podemos obter? Que lei das reaccións estamos aplicando?

b) Se reaccionan 9g de hidróxeno con nitróxeno para dar só amoníaco, que cantidade de nitróxeno reacciona? Que lei das reaccións estamos aplicando?

a) Se reacciona completamente para dar só amoníaco a cantidade que se obtén é a suma das cantidades dos reactivos, 34g.



Estamos aplicando a lei de conservación da masa de Lavoisier, nunha reacción química a masa consérvase.

b) Se reaccionan 9g de hidróxeno para dar só amoníaco debemos ter a cantidade suficiente de nitróxeno para que reaccione, esta cantidade podémola calcular a través da lei das proporcións definidas de Proust, cando dous elementos combínanse para dar un composto fano nunha proporción fixa en masa.

$$9\text{ g hidróxeno} \cdot \frac{28\text{ g nitróxeno}}{6\text{ g hidróxeno}} = 42\text{ g nitróxeno}$$

